

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a investigación e avance no modelo de circularidade do ciclo integral da auga en Galicia, no marco do Proxecto Innovaugas 4.0, cofinanciado nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020

1 Antecedentes

Augas de Galicia decidiu impulsar o proxecto Innovaugas 4.0 como unha ferramenta estratéxica cunha dobre vertente desde o punto de vista das políticas públicas: desenvolver solucións que permitan unha xestión avanzada dos recursos hídricos galegos que non se pode realizar de maneira adecuada coas solucións técnicas e tecnolóxicas que hoxe en día ofrece o mercado, e impulsar a investigación e innovación desde o lado da demanda co fin de que esa mellora dos servizos públicos sexa cómplice dunha mellora da competitividade empresarial.

O proxecto Innovaugas 4.0 concorreu e foi seleccionado na liña de Fomento da Innovación desde a Demanda para a Compra Pública de Innovación (en diante, Liña FID) do Ministerio de Ciencia e Innovación (en diante MCIN); un instrumento enmarcado no Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 especificamente deseñado para a concesión de axudas para o desenvolvemento de produtos ou servizos innovadores adquiridos por parte de compradores públicos a través do mecanismo da Compra Pública de Innovación (CPI). Os proxectos seleccionados no marco da Liña FID, como é o caso de Innovaugas 4.0, están cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020 (FEDER). Neste sentido, o 3 de decembro de 2020 asinouse un convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e Augas de Galicia que regula as condicións do proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos INNOVAUGAS 4.0", cofinanciado con fondos FEDER.

2 Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a investigación e avance no modelo de circularidade no ciclo integral da auga en Galicia.



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

3 Necesidade da colaboración e razóns de oportunidade

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que ten como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, a Universidade de Santiago de Compostela mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promove a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

A USC conta co Centro Singular Cretus, Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais, aprobado polo Consello de Goberno da USC, o 4 de decembro de 2020, co obxectivo de desenvolver e avaliar tecnoloxías ambientais sostibles buscando solucións que permitan minimizar impactos e riscos, tratando de recuperar recursos, a través de procesos que sexan económica, social e ambientalmente viables.

Innovaugas 4.0 estrutúrase ao redor de tres retos expostos para abordar as principais problemáticas ás que se enfronta Augas de Galicia como xestor de recursos hídricos:

- Reto 1: Sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos.
- Reto 2: Fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático.
- Reto 3: Economía circular no ciclo integral da auga.

Para dar resposta ao reto 3, Augas de Galicia está traballando nun contrato de Compra Pública de Innovación, para o desenvolvemento, implantación e validación dun sistema para a optimización de parámetros de consumo enerxético e calidade da auga vertida ao medio receptor así como a realización de recomendacións de mellora baseadas en simulacións en tres estacións depuradoras de augas residuais.

Augas de Galicia identificou unha serie de actividades a realizar para a consecución do reto 3 que poden completarse mediante a colaboración efectiva e horizontal entre Augas de Galicia e un centro de investigación especializado, como o Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) da Universidade de Santiago.

Tendo en conta que a Universidade de Santiago de Compostela centra a súa actividade na difusión do coñecemento, no fomento da investigación e na



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

asesoría e que para Augas de Galicia é fundamental poder utilizar os resultados obtidos pola universidade nas súas investigacións, non só no ámbito rexional senón poder incorporar a súa experiencia de ámbito nacional e internacional ao ciclo da auga en Galicia; é de interese común para ambas as dúas partes actuar de forma coordinada para poder desenvolver diferentes actuacións e realizar intercambios de experiencias e coñecementos aportando as novidades obtidas en procesos de investigación de novas tecnoloxías, novas estratexias de xestión e planificación por parte da USC e integrando a experiencia da Administración Hidráulica de Galicia.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula no seu artigo 34 a posibilidade de que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poidan subscribir convenios administrativos entre eles ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- [...]
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4 Estimación de custos e financiamento

Considerando que as partes comparten un interese común e coincidente, a USC non pretende con esta actuación acadar un beneficio económico, motivo polo cal Augas de Galicia só financiará a fundación en concepto de compensación dunha parte dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade. Augas de Galicia achegará un importe máximo de trescentos trinta e oito mil trescentos dezaseis euros (338.316,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 219, "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

2022: 150.000,00 €
2023: 188.316,00 €

A execución do convenio será cofinanciado nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Plurirrexional de España 2014-2020, enmarcándose no Obxectivo Temático 1 "Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación"; Prioridade de Investimento 1.b "Fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxias entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes"; Obxectivo Específico 1.2.1 "Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas por empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora"; Actuación 1.2.1.4 "Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID) e da Compra Pública Innovadora (CPI)" (segundo o documento Criterios e Procedementos de Selección de Operacións (CPSO)). Deste xeito, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*documento asinado dixitalmente*)

